



#### **4. AS SOCIEDADES DE INSTRUCCIÓN, RECREO E BENEFICENCIA DA EMIGRACIÓN GALEGA EN AMÉRICA**

**Daniel Manuel Vázquez Vila**

Dr. en Estudos Culturais, historiador e investigador GI1428 da USC

Baixo o título “As Sociedades de Instrución, Recreo e Beneficencia da emigración galega en América” desenvolveuse no Salón de Actos da Sociedade de Instrución Recreo e Beneficencia da Liga Santaballesa, localizada na parroquia de Santaballa pertencente ao Concello de Vilalba unha mesa redonda no marco das XVI Xornadas do Peregrino ‘Abrindo Camiño’. Camiño de Santiago e Emigración. Homenaxe a Andrea López Chao.

Despois da inauguración da exposición *Luces Alén Mar*, cedida pola Consello da Cultura Galega. Na mesa redonda participaron presencialmente Vicente Peña Saavedra (Pedagogo e director do MECOR) e Juana Caridad Fernández Pérez (presidenta por partida dobre da Agrupación de Sociedades Representativas de Municipios e Parroquias de Galicia na Habana e de Hijos del Ayuntamiento de A Capela na mesma capital).

Como moderador e investigador e un pracer para min que sexa a Liga Santaballesa, coa que contactei fai máis de vinte anos cando estaba no Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA) xunto con Vicente Peña e coa que colaboro na recuperación da memoria dos milleiros de migrantes galegas e galegos que levamos divulgando desde as I Xornadas Indianas que xurdiron polo ano 2010 tralo documental *Lembranzas da infancia recordos da escola* e a mediometraxa do *Legado Migratorio Santaballes*, que seguen celebrándose ano tras ano, a que acolla dentro da homenaxe a labor das mulleres migrantes esta mesa sobre as remesas tanto materiais como inmateriais feitas polas sociedades de instrución microterritoriais espalladas por toda Galicia.

